



## NOTA TÉCNICA SOBRE A XESTIÓN ECONÓMICA DA VICERREITORÍA EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E RELACIÓNS INTERNACIONAIS 2017

### 1-Antecedentes:

O 27 de decembro de 2016 a Xerencia emite nota técnica para actualizar a xestión económica das diferentes áreas do Servizo de Extensión Universitaria. Aproveitase este feito para actualizar a xestión da oficina de relacións internacionais.

### 2.-Proceso económico extensión Universitaria:

O proceso de xestión económica dos gastos do vicerreitorado no servizo de Extensión Universitaria quedaría como segue:

**2.1-Solicitantes:** serán todos aqueles que poderán cubrir os datos para solicitar un pedido, unha dieta ou calquera gasto. Unicamente poderán cubrir os datos e enviarlles o formulario aos validadores para que inicien o proceso se así o consideran.

Serán solicitantes:

- a) Deportes: as persoas técnicas de actividades deportivas, vicerreitores de campus, responsables dos servizos de apoio á comunidade.
- b) Cultura: as persoas técnicas de actividades culturais, vicerreitores de campus, responsables dos servizos de apoio á comunidade.

**2.2-Validadores:** serán os encargados de iniciar as solicitudes de gastos, xa sexan dietas, pedidos,... Son os encargados de comprobar que os gastos están dentro da planificación anual de cada área.

Serán validadores:

- a) Deportes: Director Técnico da Area de Benestar, Saúde e Deporte.
- b) Cultura: Técnico superior de actividades culturais.

**2.3-RUG:** son os encargados de autorizar ou denegar os gastos en función da estratexia, oportunidade e planificación anual de cada área.

Serán RUG:

- a) Deportes: Xefe do Servizo de Extensión Universitaria.
- b) Cultura: Xefe do Servizo de Extensión Universitaria.

**2.4-UT:** son os encargados de revisar a viabilidade económica e comprometer as obrigas cos terceiros interesados.

Serán UT:

- a) Vigo: Responsable de Asuntos Económicos de Extensión Universitaria.
- b) Pontevedra: Responsable de Asuntos Económicos de Extensión Universitaria
- c) Ourense: Sección de Xestión Económica de Servizos Xerais.

**3.-Proceso económico relacións Internacionais Universitaria:**

O proceso de xestión económica dos gastos do vicerreitorado na Oficina de Relacións Internacionais quedaría como segue:

**3.1-Solicitantes:** serán todos aqueles que poderán cubrir os datos para solicitar un pedido, unha dieta ou calquera gasto. Unicamente poderán cubrir os datos e enviarlles o formulario aos validadores para que inicien o proceso se así o consideran.

Serán solicitantes:

- a) As persoas técnicas de Relacións Internacionais.
- b) O persoal funcionario da ORI.

**3.2-Validadores:** serán os encargados de iniciar as solicitudes de gastos, xa sexan dietas, pedidos,... Son os encargados de comprobar que os gastos están dentro da planificación anual de cada área.

Serán validadores: A responsable da ORI.

**3.3-RUG:** son os encargados de autorizar ou denegar os gastos en función da estratexia, oportunidade e planificación anual de cada área.

Serán RUG: O Xerente

**3.4-UT:** son os encargados de revisar a viabilidade económica e comprometer as obrigas cos terceiros interesados.

Serán UT: Sección de Xestión Económica de Servizos Xerais.

**4.-Observacións**

**4.1-Pedidos:** será de aplicación a resolución reitoral do 29 de maio de 2015 pola que se regulan as bases dos programas de pedidos. Polo tanto, antes da realización de calquera gasto e o seu respectivo compromiso cun terceiro será preciso a tramitación do pedido de acordo coas instrucións emitidas ao efecto.

**4.2-Comisións de servizo:** será de aplicación a normativa de Comisións de Servizo aprobada no Consello de Goberno de 16 decembro de 2016.



Vigo, 31 de xaneiro de 2017

O Xerente

Manuel Fernández Jauregui

A/A VICERREITORÍA DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E RELACIÓNS INTERNACIONAIS  
A/A XEFE DO SERVIZO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA  
A/A XEFE DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN, XESTIÓN ECONÓMICA E PATRIMONIO  
A/A XEFA DO SERVIZO DE CONTABILIDADE, ORZAMENTOS E TESOURERÍA  
A/A XEFE DA DE SECCIÓN DE XESTIÓN ECONÓMICA  
A/A RESPONSABLE DA OFICINA DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS  
A/A TÉCNICO SUPERIOR DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS  
A/A TÉCNICO SUPERIOR DE ACTIVIDADES CULTURAIS